

PROGRAMACIÓN ANUAL

MÚSICA

EDUCACIÓN PRIMARIA

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

2. CONTEXTUALIZACIÓN

3. OBXECTIVOS

3.1. Obxectivos xerais de Educación Primaria

4. COMPETENCIAS CLAVE

5. CONTIDOS

5.1. Contidos de Educación Primaria

6. AVALIACIÓN

6.1. Procedementos e instrumentos dfe avaliación

6.2. Criterios de cualificación

6.3. Criterios de avaliación

6.4. Estándares de aprendizaxe

7. METODOLOXÍA

8. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

1. INTRODUCCIÓN

A Educación Artística debe potenciar o desenvolvemento das capacidades necesarias para a culminación de dous procesos básicos: o de percepción das representacións plásticas, musicais e dramáticas, e o de expresión de ideas e sentimentos a través delas, o que require o uso de regras, técnicas e recursos cun código propio. Por iso, e aínda que a plástica, a música e a dramatización constitúen ámbitos artísticos ben diferenciados, englobanse nunha área común.

2. CONTEXTUALIZACIÓN

O Ceip A Solaina está situado en Narón, na provincia de A Coruña. É unha zona urbana moi próxima, por non dicir de continuidade coa cidade de Ferrol.

Este é un centro de liña 2 excepto 4º de Educación Infantil que é de liña 1 e 6º de Educación Primaria que é de liña 3 e . Quedando este con 5 aulas de E. I. e 13 de E. P.

O centro conta con múltiples instalacións, entre elas a aula de música, dotada con materiais específicos para impartir esta área.

3. OBXECTIVOS

3.1. Obxectivos xerais de Educación Primaria

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relaciona.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar, comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, ciencias sociais, xeografía, historia e cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galega

4. COMPETENCIAS CLAVE

Traballar por competencias na aula supón unha reflexión e unha reconfiguración dos contidos dende un enfoque de aplicación que permita o adestramento destas. As competencias non se estudan, nin se ensinan, adéstranse. Para iso, xeraremos tarefas de aprendizaxe onde se favoreza aos alumnos a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é inabarcable polo que cada unha se estrutura en indicadores, grandes piares que permiten describirla dun xeito máis preciso. Podemos atopar entre tres e seis indicadores por competencia.

50 indicador segue sendo aínda demasiado xeral, polo que o descompoñemos no que chamamos descritores da competencia que “describen” ao alumno competente neste ámbito. Por cada indicador encontraremos entre tres e seis descritores redactados en infinitivo.

En cada unidade didáctica concretaremos o descritor en desempeños competenciais redactados en terceira persoa de presente indicativo. O desempeño será o aspecto concreto da competencia que poderemos adestrar e avaliar de xeito explícito na unidade, será concreto e obxectivable e indícanos que debemos adestrar e observar nas actividades deseñadas.

Para o seu desenvolvemento, partimos dun marco de descritores competenciais definido para o proxecto aplicable a toda materia e curso.

Respectando o tratamento específico nalgúns áreas, os **elementos transversais**, tales como, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional se traballarán desde todas as áreas posibilitando e fomentando que o proceso de ensino-aprendizaxe dos alumnos sexa o máis completo posible.

Por outra banda, o desenvolvemento de **valores** presentes tamén en todas as áreas axudará a que os nosos alumnos aprendan a desenvolverse dende uns determinados valores que constrúan unha sociedade ben consolidada na que todos podamos vivir.

A diversidade de alumnos cos seus estilos de aprendizaxe diferentes levaranos a traballar desde as **diferentes potencialidades** con que contamos,

apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

Na área de Música incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

O desenvolvemento desta competencia nesta área curricular permítenos entender, coñecer e investigar, a través de diferentes códigos todo o referente ao coñecemento artístico, de forma máis concreta, o coñecemento musical.

Así mesmo, a tecnoloxía permitirá desenvolver a capacidade do alumnado para afondar no coñecemento da linguaxe artística.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Interactuar co ámbito natural de xeito respectuoso.

- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.
- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.

Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.

- Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

Comunicación lingüística

Esta competencia permitiranos dotar de ferramentas ao alumnado para que poidan acceder ao coñecemento do mundo da música e da danza.

As ferramentas posibilitarán que se inicien na expresión e a comunicación a todos os niveis. A comprensión, a percepción... serán habilidades que irán adquirindo a medida que o desenvolvemento da súa linguaxe vaia crescendo.

Procuraremos adestrar polo menos un descriptor en cada unha das unidades didácticas.

Os descritores que utilizaremos serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Gozar coa lectura.
- Expresar oralmente de xeito ordenado e clara calquera tipo de información.

Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...

- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros en diversas situacións comunicativas.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.

Competencia dixital

Esta competencia permitiranos dotar de ferramentas ao alumnado para que cree as súas propias producións nas súas múltiples facetas favorecendo o coñecemento de diferentes manifestacións culturais nos diferentes planos da música e a danza.

Na área de Música adestraremos os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
 - Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
 - Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
 - Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
 - Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- + Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías

Conciencia e expresións culturais

Esta competencia permitirá ao alumnado gozar e enriquecerse de expresións no mundo artístico e cultural da música e a danza que poida achegar o seu ámbito e mesmo outras culturas. Levaranos a valorar as creacións artísticas propias e as doutros.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas

A área de Música permitiranos facer confluír diversos aspectos como o diálogo, a participación, o respecto, a riqueza da diversidade, a convivencia que favorezan diferentes realidades presentes na nosa sociedade. Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciámos a continuación:

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escolar.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a colaboración activa en ámbitos de

participación establecidos.

- Recoñecer a riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A área de Música comporta unha actitude positiva que presupón flexibilidade e oportunidade; por iso, esta competencia fomentará unha vertente máis social que implica desenvolver habilidades e actitudes relacionadas co liderado de proxectos que comportan confianza nun mesmo, empatía, habilidades de diálogo e cooperación, organización de tempos e tarefas... para alcanzar todo aquilo que se propoñan.

Neste caso, os descritores a adestrar serían:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e a confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.
- Priorizar a consecución de obxectivos grupais a intereses persoais.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Encontrar posibilidades no ámbito que outros non ven.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

Aprender a aprender

Esta competencia dentro desta área permitiranos a posibilidade de iniciar o alumnado na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de forma cada vez máis eficaz e autónoma de acordo aos obxectivos propostos e ás necesidades que se teñan. A área de Música vainos levar a planificar, secuenciar, avaliar... tanto en proxectos de forma individual coma de forma colectiva.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia serían:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.

- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente
- Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe

5. CONTIDOS

5.1 Contidos de Educación Primaria

2º CURSO EDUCACIÓN PRIMARIA

Bloque 1: escoita

- As calidades do son: timbre, duración, altura e intensidade.
- Identificación de trazos distintivos de sons do contexto natural e social.
- Representación corporal e gráfica de sons de diferentes características.
- Utilización de xogos e aplicacións informáticas educativas sinxelas para a discriminación auditiva.
Curiosidade por descubrir os sons do contexto e as súas características.
- Audición de pezas vocais e identificación de voces femininas, masculinas e infantís.
- Recoñecemento visual e auditivo, e denominación dalgúns instrumentos musicais da aula e da música escoitada e interpretada no contexto do alumnado.
- Audición de pezas vocais e instrumentais.

- Audición activa e recoñecemento dunha selección de peza musicais breves, de culturas e de estilos diferentes.
- Audición activa dalgunha peza do repertorio tradicional galego.
- Identificación das principais profesións relacionados coa música e da actividade que desenvolven (composición, dirección, instrumentistas e público).
- Comunicación oral das impresións que causa a música escoitada.

- Normas básicas de comportamento en concertos e outras representacións musicais.
- Elementos da música: tempo (adagio, andante e allegro), dinámica e carácter.
- Distinción e representación corporal ou gráfica dalgúns elementos da música escoitada.
- Forma musical: repetición e contraste.

- Identificación da repetición (AA) e o contraste (AB) en cancións e obras musicais.
- Pulso e acento. Compás binario.

- As familias de instrumentos: vento, corda e percusión.

Bloque 2: Interpretación musical

- Exploración das posibilidades sonoras da voz, o corpo e os obxectos.
- Construción de instrumentos musicais sinxelos con obxectos de uso cotián.
- Iniciación á fruta doce. O xilófono e o metalófono.

- Práctica de xogos de relaxación, respiración, dicción e coordinación.
- Imitación de fórmulas melódicas
- Interpretación e memorización de ladaíñas e cancións ao unísono.
- Imitación de fórmulas rítmicas.

- Lectura e interpretación de partituras sinxelas con grafías non convencionais e de esquemas rítmicos e melódicos elementais con notación tradicional.
- Notación musical e grafías non convencionais como medio de representación da música. Colocación dalgunha nota no pentagrama.
- Utilización da percusión corporal e os instrumentos como recursos para o acompañamento de textos, cancións e danzas.
- Selección e combinación de ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais.
- Selección de sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes.
- Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos mediante o procedemento de pregunta-resposta.

Bloque 3: A música, o movemento e a danza

- Práctica de técnicas básicas do movemento: mobilización funcional, movementos fundamentais de locomoción e deseños no espazo.
Práctica de xogos motores acompañados de secuencias sonoras, cancións e pezas musicais, e interpretación de danzas sinxelas
- Práctica dalgunha danza tradicional galega.

Improvisación de movementos en resposta a diferentes estímulos sonoros

4º CURSO EDUCACIÓN PRIMARIA*Bloque 1: Escoita*

- Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de distintos estilos e culturas adaptadas á idade do alumnado.
- Asistencia a representacións musicais e comentario posterior.
- Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras.
- Audición e análise de obras musicais de distintas características e procedencias.
- Actitude atenta e silenciosa, e respecto polas normas de comportamento durante a audición de música e na asistencia a representacións
- Recoñecemento de calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre.
- Acento e pulso.
- Elementos musicais: indicacións de tempo e matices (fortísimo, forte, piano e mezzoforte; dinámica e reguladores).
- Identificación dos rexistros de voces graves e agudas, así como as posibles agrupacións vocais e instrumentais (dúo, trío, cuarteto, orquestra e banda).
- Compases de 2/4, 3/4 e 4/4.
- Instrumentos: clasificación tradicional (vento, vento-madeira, vento-metal, corda percutida, friccionada e punteada, e percusión determinada e indeterminada).
- Instrumentos da orquestra: achegamento á súa colocación.
- Instrumentos da cultura galega e doutras culturas.

- Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical.
Formas musicais binarias, ternarias e rondó.
- Uso de aplicacións informáticas educativas sinxelas para a análise e a produción musical.

Bloque 2: Interpretación musical

- Reprodución de pezas instrumentais e canción sinxelas ao unísono, de maneira colectiva, con ou sen acompañamento. Frauta doce: dixitación da escala de do sen alteracións.
- Uso dos instrumentos de placas Orff en acompañamentos de pezas sinxelas
- Rexistro e gravado da interpretación feita e posterior análise e comentario.
- Coordinación e sincronización individual e colectiva na interpretación: simultaneidade, sucesión e alternancia.
- Ditados rítmicos con figuras de negra, branca, redonda e corchea e os seus silencios en compases binarios e ternarios.
- Ditados melódico-rítmicos sinxelos.

- Improvisación de esquemas rítmicos melódicos sobre bases musicais dadas.
- Creación de pequenas melodía e acompañamentos sinxelos de melodías dadas.
- Recreación musical e sonorización dun texto oral ou escrito.

- Sonorización de imaxes, vídeos ou representacións dramáticas usando distintos materiais instrumentos e dispositivos electrónicos.
- Invención e construción dun instrumento.

Bloque 3: A música, o movemento e a danza

- Recoñecemento do corpo como instrumento rítmico e de expresión corporal.
- Creación de pequenas coreografías para obras musicais breves e de estrutura sinxela.
- Reprodución de xogos motores e secuencias de movementos fixados ou inventados, procurando unha progresiva coordinación individual e colectiva
- Interpretación de danzas tradicionais galegas e doutras culturas

6º CURSO EDUCACIÓN PRIMARIA

Bloque 1: escoita

- Audición de música contemporánea, e investigación e valoración das posibilidades do son.
- Identificación e apreciación das calidades dos sons do contexto.
- Identificación e apreciación de formas musicais sinxelas.
- Identificación a través da escoita de tipos de voces (soprano, contralto, tenor e baixo), instrumentos, variacións e contrastes de velocidade.
- Valoración e interese pola música de diferentes épocas e culturas, nomeadamente a galega
- Audición activa e comentada de música variada da nosa cultura e doutras culturas.
- Actitude atenta, silenciosa e respectuosa durante a audición de música e/ou na asistencia a representacións musicais.
- Indagación sobre as normas que regulan a propiedade intelectual.

Valoración e presentación dos resultados.

Bloque 2: Interpretación musical

- Exploración das posibilidades sonoras e expresivas da voz.
- Interpretación de pezas con instrumentos de aula e/ou fruta doce.
- Interpretación, memorización e improvisación guiada de cancións a unha ou varias voces, desenvolvendo progresivamente a dicción, a afinación e a técnica vocal. Canon.
- Recoñecemento de tipos de instrumentos acústicos e electrónicos, agrupacións instrumentais e vocais, e rexistros da voz.
- Utilización das grafías convencionais na lectura, na escritura e na interpretación de cancións e de pezas instrumentais sinxelas.
- Gravación e rexistro das interpretacións para unha valoración e unha análise posteriores.
- Interese pola mellora do proceso de interpretación e do resultado final.
- Traballo cooperativo, asumindo as responsabilidades que lle correspondan e respectando as achegas das demais persoas do grupo.
- Creación de mensaxes musicais con contido expresivo, combinando elementos sonoros e corporais diversos.
- Utilización dos medios de comunicación e de internet para a procura de información, en soporte impreso e dixital, sobre

instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais de interese.

- Exploración das posibilidades sonoras e expresivas dos medios audiovisuais e tecnolóxicos para comunicar. Creación de cuñas radiofónicas e videoanuncios
- Utilización dos medios audiovisuais e dos recursos informáticos para a sonorización de imaxes, contos, poemas e refráns, dobraxe de películas ... e para a creación de producións propias

Bloque 3: A música, o movemento e a danza

- Identificación do corpo como instrumento. Indagación e valoración sobre as posibilidades expresivas e comunicativas do corpo en distintas representacións artísticas ou situacións cotiás.
- Valoración e recoñecemento das danzas e a súa contribución ao noso patrimonio artístico e cultural.
- Interpretación de danzas coidando a coordinación individual e colectiva.
- Invención de coreografías sinxelas para canción e pezas musicais de diferentes estilos.
- Gravación e rexistro das danzas interpretadas. Análise de valoración do produto.

6. AVALIACIÓN

6.1. Procedementos e instrumentos de avaliación

A avaliación dentro do ámbito educativo debe considerarse un elemento máis do proceso de ensinanza-aprendizaxe, un elemento de extraordinaria importancia na práctica educativa.

Para avaliar cualitativamente ós nosos alumnos son diversas as técnicas e instrumentos que se poden utilizar:

1. Traballos escritos (fichas de aula...)
2. Producións orais: interpretacións, dramatizacións...
3. A observación directa e diaria na aula, xa que esta é unha materia moi práctica.

E, para levar un rexistro destas probas:

- O diario de aula, no que se recolle información dos alumnos/as.
- A folla de rexistro.

6.2. Criterios de cualificación

O sistema de cualificación realizarase en base a:

- Actividades, interpretación de obras, ejercicios realizados na aula e na casa (50%)
- Actitudes e comportamento (30%)
- Probas orais e escritas (20%)

6.3. Criterios de avaliación

1.

2º Curso de Educación

Primaria Bloque 1: escoita

- Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.
- Manter unha actitude de respecto e de escoita activa.
- Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría.

- Comunicar as sensacións e as impresións sentidas na audición, utilizando un vocabulario adecuado.
- Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade ou carácter).
- Recoñecer e clasificar algún instrumento por familias instrumentais.

Bloque 2: Interpretación musical

- Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando distintos materiais como fonte de son.
- Coñecer e manexar a fruta doce e algún instrumento de aula.

- Exercitar as vocalizacións e as pronunciacións interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación

- Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento

Bloque 3: A música, o movemento e a danza

- Realizar pequenas coreografías.

- Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo.

*4º Curso de Educación**Primaria Bloque 1: escoita*

- Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa cultura e doutras culturas.
- Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.
- Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.
- Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, amosando interese por coñecer instrumentos doutras culturas.
- Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical, así como rexistros e aplicacións informáticas para a análise e a produción musical.

Bloque 2: Interpretación musical

- Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, así como valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora.
- Explorar estruturas musicais e seleccionar e combinar ideas musicais dentro de estruturas sinxelas entre vaias dadas, co obxectivo de crear un produto musical propio, individual ou grupal
- Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.

Bloque 3: Música, o movemento e a danza

- Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza.
- Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.

6º Curso de Educación

Primaria Bloque 1:

Escoita

- Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son, de maneira que sirvan como marco de referencia para creacións propias.
- Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.
- Coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas, para valorar o patrimonio musical, valorando a importancia do seu mantemento e da súa difusión, e do respecto co que deben afrontar as aducións e as representacións.

Bloque 2: Interpretación instrumental

- Entender a voz como instrumento e recurso expresivo, partindo da canción e das súas posibilidades para interpretar, crear e improvisar.
- Interpretar composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repeticións, variación e contraste, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando tanto as achegas das demais persoas como a persoa que asuma a dirección.
- Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.

Bloque 3: Música, movemento e a danza

- Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza, valorar a súa achega ao patrimonio, e gozar coa súa interpretación como unha forma de interacción social.

6.4. Estándares de aprendizaxe

2º Curso Educación Primaria

BLOQUE 1. ESCOITA

EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.

EMB1.1.2. Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.

EMB1.1.3. Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.

EMB1.1.4. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva das calidades traballadas.

EMB1.1.5. Identifica voces masculinas, femininas e infantís.

EMB1.2.1. Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións.

EMB1.3.1. Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónaas coas súas obras.

EMB1.3.2. Coñece as figuras de compositor/ora, director/ora de orquestra, instrumentista e público, así como as súas funcións, respectando e valorando os seus respectivos traballos.

EMB1.4.1. Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.

EMB1.4.2. Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.

EMB1.4.3. Coñece e respecta as normas de comportamento básicas en concertos e outras representacións musicais.

EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e parella de corcheas.

EMB1.5.2. Utiliza notación non convencional para representar elementos do son.

EMB1.5.3. Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.

EMB1.6.1. Recoñece e identifica algúns instrumentos, e clasifícaos por familias.

BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL

EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados.

EMB2.1.2. Crea pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.

EMB2.2.1. Consegue tocar algún fragmento melódico ou rítmico, ou acompañamento sinxelo, coa fruta e dos instrumentos da aula.

EMB2.3.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.

EMB2.3.2. Realiza pequenas improvisacións melódicas sobre algunha base dada.

EMB2.3.3. Fai de xeito consciente o proceso da respiración.

EMB2.3.4. Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono.

EMB2.4.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.

EMB2.4.2. Identifica a pregunta-resposta con motivos melódicos e rítmicos.

EMB2.4.3. Le e crea pequenos esquemas rítmico-melódicos con brancas, negras e silencio de negra, engadindo a clave de sol.

EMB2.4.4. Elix e combina ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía.

EMB2.4.5. Elix e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súa grafía.

BLOQUE 3. A MÚSICA O MOVEMENTO E A DANZA

EMB3.1.1. Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.

EMB3.1.2. Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas.

EMB3.2.1. Responde co seu corpo a estímulos sonoros.

EMB3.2.2. Coordina extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música.

EMB3.2.3. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.

4º Curso Educación Primaria

BLOQUE 1. ESCOITA

EMB1.1.1. Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.

EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.

EMB1.1.3. Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.

EMB1.1.4. Identifica e valora as manifestacións artísticas propias de Galicia.

EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.

EMB1.3.1. Distingue e clasifica tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais.

EMB1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.

EMB1.3.3. Identifica, clasifica e completa os compases traballados.

EMB1.4.1. Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos.

EMB1.4.2. Clasifica os instrumentos por familias: vento, corda e percusión.

EMB1.4.3. Procura información, organízaa e preséntaa sobre a música e os instrumentos doutras culturas.

EMB1.5.1. Establece unha relación entre o que escoita e preséntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela.

EMB1.5.2. Identifica as partes dunha peza musical sinxela e representa graficamente a súa estrutura.

EMB1.5.3. Representa graficamente, con linguaxe musical convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.

EMB1.5.4. Utiliza aplicacións informáticas para representar ou realizar tarefas de análise e produción musical.

BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL

EMB2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.

EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.

EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento.

EMB2.1.4. Analiza a interpretación e valora o resultado, amosando interese por mellorar.

EMB2.2.1. Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos e manexados.

EMB2.2.2. Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.

EMB2.3.1. Emprega instrumentos materiais, dispositivos electrónicos e recursos informáticos para crear pezas musicais sinxelas para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.

EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente

BLOQUE 3. MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA

EMB3.1.1. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións e como forma de interacción social.

EMB3.1.2. Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.

EMB3.2.1. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.

EMB3.2.2. Recoñece danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.

EMB3.2.3. Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.

6º Curso Educación Primaria

BLOQUE 1. ESCOITA

EMB1.1.1. Identifica, clasifica e describe as calidades dos sons do contexto natural e social, utilizando un vocabulario preciso.

EMB1.2.1. Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, tras a escoita de obras musicais, con capacidade para emitir unha valoración destas.

EMB1.2.2. Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilízalas como marco de referencia para as creacións propias.

EMB1.3.1. Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.

EMB1.3.2. Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual canto á reprodución e a copia de obras musicais.

BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN INSTRUMENTAL

EMB2.1.1. Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas, e recréalas.

EMB2.2.1. Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e electrónicos, diferentes rexistros da voz, e agrupacións vocais e instrumentais.

EMB2.2.2. Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.

EMB2.2.3. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.

EMB2.2.4. Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos, con e sen acompañamento

EMB2.2.5. Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos, e valora a súa achega ao enriquecemento persoal, social e cultural.

EMB2.2.6. Amosa respecto polo traballo das demais persoas e responsabilidade no traballo individual e colectivo.

EMB2.2.7. Analiza as interpretacións feitas, recoñece erros e amosa interese por traballar para corríxilos.

EMB2.3.1. Procura información bibliográfica, en medios de comunicación e en internet sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais.

EMB2.3.2. Presenta e expón a información de xeito claro, ordenado e limpo en varios soportes.

EMB2.3.3. Utiliza os medios audiovisuais e recursos informáticos para crear pezas musicais e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas

BLOQUE 3. MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA

EMB3.1.1. Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.

EMB3.1.2. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.

EMB3.1.3. Coñece danzas de distintas épocas e lugares, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.

EMB3.1.4. Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais españolas, e entende a importancia da súa continuidade e o traslado ás xeracións futuras.

EMB3.1.5. Inventa coreografías de grupo que corresponden coa forma interna dunha obra musical e supón unha orde espacial e temporal.

EMB3.1.6. Analiza as danzas realizadas, recoñece os erros e amosa interese por mellorar o produto.

EMB3.1.7. Respecta o traballo en grupo e participa nel de xeito pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas.

EMB3.1.8. Amosa respecto polas demais persoas e colaboración con elas.

7. METODOLOXÍA

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento dos alumnos e estes adquiren un maior grao de protagonismo.

As manifestacións artísticas son achegas inherentes ao desenvolvemento da humanidade: non cabe un estudo completo da historia da humanidade no que non se considere a presenza da arte en todas as súas posibilidades. Ao igual que acontece con outras linguaxes, o ser humano utiliza tanto a linguaxe plástica coma o musical para comunicarse co resto de seres; neste caso, incidimos na linguaxe musical como ferramenta para poder expresar as vivencias, os sentimentos, todo aquilo que acontece dentro dun mesmo coa oportunidade de poder contalo a outros.

Dende esta perspectiva, entender, coñecer e investigar, desde idades temperás, os fundamentos da devandita linguaxe van permitir ao alumnado o desenvolvemento da atención, a percepción, a intelixencia, a memoria, a imaxinación e a creatividade. Ademais, o coñecemento musical facilitará o desfrute do patrimonio cultural e artístico, ao valorar e respectar as achegas que se foron engadindo este.

Debemos de ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais, polo que haberá que poñer en xogo diferentes habilidades para que o propio alumno coñeza onde residen as súas fortalezas.

Cada unha das fortalezas individuais do alumnado axudaranos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas a realizar estarán pensadas desde a teoría das intelixencias múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Nesta área, os alumnos poderán desenvolver diferentes habilidades para a interpretación musical podendo á vez comprobar a capacidade expresiva e creativa desde o coñecemento e a práctica da danza.

O profesorado favorecerá o traballo en grupo colaborador de forma que o alumnado recoñeza o seu propio papel e o dos demais compoñentes do grupo como fonte importante de coñecemento, de forma que todos, nenos e nenas, gocen do proceso de creación tanto ou máis que da obra final.

Os contidos da área de Música están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a un contexto real; será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplícalo a proxectos reais próximos ao alumnado.

8. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Os alumnos e as alumnas son diferentes no seu ritmo de traballo, estilo de aprendizaxe, coñecementos previos, experiencias, etc. Todo isto sitúa ós docentes na necesidade de educar en e para a diversidade.

O profesor ten que orientar a súa intervención en función da diversidade de formas de aprendizaxe que poidan darse entre ás alumnas e os alumnos.

Segundo ás necesidades do alumno /a, o profesor mediante Actividades de Reforzo ou de Ampliación, facilitará que todos os alumnos e alumnas poidan alcanzar o máximo desenvolvemento das competencias básicas e os obxectivos da etapa.

Ás actividades para a adaptación non aparecen representadas de ningunha forma explícita no material do alumno, senon que será o profesor quen aplique de maneira particular ou xeral cando sexa oportuno.

Para atender a esta diversidade, dispónse de dous tipos de vías ou medidas: medidas ordinarias ou habituais e medidas específicas ou extraordinarias.

O alumnado deste centro é moi heteroxéneo polo que hai varios Alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo, entre eles alumnos con dificultades motrices, intelectuais, escolares... Polo que a metodoloxía se adecuará a este alumnado para favorecer a adquisición dos diferentes obxectivos. A modo de exemplo citarei algunhas medidas de tipo organizativo: variarase o tamaño das partituras ou facilitaráselles fotocopias, simplificaranse os pasos das danzas, sentarase ó alumno preto da mestra, etc...